

CONCELLO
DE VIGO



Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal

Área de RRHH e
Formación

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

I.- En data 17/02/2025 ditouse resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 17/02/2025 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (1ª fase).

II.- En data de 19/03/2025 recíbese dilixencia de xefatura da área do seguinte tenor literal:

"Pola presente faise constar que en data de hoxe, martes 18 de marzo do 2025, comunícanse polo Sr. D. A. Vivero Mijares, presidente titular do órgano de selección designado por resolución de data 17/02/2025 (expediente nº 45.741-220) á Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal as incidencias seguintes:

- que non dispón da preceptiva formación específica en materia de igualdade esixida polas bases rectoras do proceso selectivo e polo I Plan de Igualdade do persoal do Concello de Vigo;*
- que ten coñecemento de que dende onte está a disposición de todo o persoal a acción formativa proporcionada pola Área de Recursos Humanos e Formación, dispoñible na Intranet municipal e no portal de formación (acción en modalidade autoformativa e de 20h de duración);*
- que sen prexuízo delo non lle resulta asumible o debido seguemento e remate do curso en forma que permita constituir o órgano de selección en data e hora previas ao 21 de marzo do 2025 (10h) establecida na resolución de data 17/02/2025 citada.*

Postos estos feitos en coñecemento da xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, verificase o seguinte:

- que dos membros do órgano de selección designado por resolución de data 17/02/2025 (expediente nº 45.741-220) non acreditan dispoñer da debida formación preceptiva en materia de igualdade os membros seguintes:*
 - Secretarías (titular e suplente)*
 - Presidente (titular)*
 - Vogal primeiro suplente*
 - Vogal segundo titular*
 - Vogal terceiro suplente (NOTA: verificase que este vogal coincide en identidade co vogal primeiro suplente)*
- que a constitución do órgano de selección sen o cumprimento do requisito formativo establecido nas bases e no I Plan de Igualdade por parte dos seus membros pode conlevar a indebida constitución do órgano de selección, comprometendo a necesaria seguridade xurídica e o normal desenvolvemento do proceso selectivo;*
- que en atención ás circunstancias comunicadas, á verificación efectuada e ao debido servizo aos intereses xerais na debida execución conforme a Dereito dos procesos selectivos do Concello de Vigo, resulta necesario fixar nova hora e data de celebración do proceso de selección, en forma que*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/03/2025 14:54	Páxina 1 de 5
45741-220	CSV: A7A1E6-21AHDF-84E95F-XG9TXL-39N49B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

medie o tempo suficiente para o debido seguemento e remate da acción formativa obrigatoria pola totalidade dos membros do órgano de selección designado, aportando o correspondente certificado de superación do mesmo na Área de Recursos Humanos e Formación para a incorporación documental ao expediente.

En forma que, a partires dese momento, poda constituirse debida e regularmente o órgano de selección.

En consecuencia, fanse constar os feitos e verificacións anteditas, trasladando as mesmas á funcionaria instrutora do expediente administrativo nº 45.741-220, instando a que se proceda á realización das actuacións necesarias para garantir a regularidade na execución do concreto proceso selectivo, verificando a disponibilidad de espazo adecuado ao efecto e calendarizando a nova data en forma que non se demore a celebración das probas máis aló do tempo imprescindible para o efectivo remate do curso de formación en igualdade preceptivo.

O cal se traslada aos efectos procedentes.”

III.- Consta no expediente informe técnico segundo o cal:

“1.- En data 16/01/2025 publicouse no boletín da provincia de Pontevedra o anuncio de listas provisionais, composición dos tribunais e datas dos procesos selectivos correspondentes a OEP 2020-21-22- 1ª Fase (BOPPO num. 10, 16/01/2025).

2.- En data 17/02/2025 ditouse resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 17/02/2025 pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas dos procesos selectivos derivados da execución das Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2021, 2021, 2022 (1ª fase).

3.- O día 17/03/2025 recíbese dilixencia da xefatura da área na que entre outras incidencias comunica que no proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios, o vogal primeiro suplente e o vogal terceiro suplente, coinciden.

4.- Para a substitución do vogal terceiro suplente, en atención a dificultade de conformar o órgano de selección pola multitude de escritos presentados polo persoal do servizo de extinción de incendios designados, alegando causas de abstención por parentesco e/ou amizade íntima, propónse para substituír aos mesmos persoas alleas ao servizo de extinción de incendios.

5.- Consultada a información e documentos dispoñibles na Área de Recursos Humanos e Formación, e salvo erro, falsidade ou omisión, podería substituírse ao vogal terceiro suplente (xa que cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia no que se refire á titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade, pertenza ao mesmo ou superior subgrupo de titulación que a praza ou categoría profesional ofertada) polo membro seguinte:

SARXENTO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/03/2025 14:54	Páxina 2 de 5
45741-220	CSV: A7A1E6-21AHDF-84E95F-XG9TXL-39N49B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

Vogalía terceira: Suplente: *María Francisca Arlandis Marra, técnica media de obras públicas do Concello de Vigo.* ”

IV.- Consta dilixencia de reserva de sala da Aula de Formación da Policía Local para o día 04/04/2025.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Incidencias do órgano de selección.-

Detectada a coincidencia da identidade do vogal primeiro e terceiro suplente do proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios, procede a súa substitución.

De conformidade co informe técnico obrante no expediente no que consta, entre outros que “Consultada a información e documentos dispoñibles na Área de Recursos Humanos e Formación, e salvo erro, falsidade ou omisión, podería substituírse ao vogal terceiro suplente (xa que cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia no que se refire á titulación esixida, especialidade técnica, profesionalidade, pertenza ao mesmo ou superior subgrupo de titulación que a praza ou categoría profesional ofertada) polo membro seguinte:

SARXENTO

Vogalía terceira: Suplente: *María Francisca Arlandis Marra, técnica media de obras públicas do Concello de Vigo.* ”

II.- En atención as circunstancias referidas no punto III dos antecedentes de este informe resulta necesario fixar nova hora e data de celebración do proceso de selección, en forma que medie o tempo suficiente para o debido seguimento e remate da acción formativa obrigatoria pola totalidade dos membros do órgano de selección designado, aportando o correspondente certificado de superación do mesmo na Área de Recursos Humanos e Formación para a incorporación documental ao expediente.

Consta dilixencia de reserva de sala da Aula de Formación da Policía Local para o día 04/04/2025.

Á vista do exposto, e coa conformidade das Concellerías da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e Concellería-delegada da Área de Educación e de Recursos Humanos e Formación (delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024), así como a habilitación á Sra. concelleira-delegada competente en materia de persoal acordado pola Xunta de Goberno Local de 27/12/2024 propónse a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/03/2025 14:54	Páxina 3 de 5
45741-220	CSV: A7A1E6-21AHDF-84E95F-XG9TXL-39N49B-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

“Primeiro.- Substituír, en base aos fundamentos de este informe, a vogalía terceira suplente do proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios do xeito seguinte:

Vogalía terceira: *Suplente: María Francisca Arlandis Marra, técnica media de obras públicas do Concello de Vigo.*”:

Segundo.- Fixar, en atención as circunstancias referidas neste informe nova data de celebración do primeiro exercicio do proceso selectivo de sarxento de extinción de incendios:

Primeiro exercicio - Día 04/04/2025 ás 10:00 horas, na aula de formación da Policía Local, sita no concello de Vigo.

Terceiro.- Lembrar aos membros do órgano de selección que deben aportar o correspondente certificado de superación do curso de formación en materia de igualdade na Área de Recursos Humanos e Formación para a incorporación documental ao expediente.

Cuarto.- Dispoñer que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á notificación do novo membro do órgano de selección designado, así como á publicación da presente resolución na páxina web municipal (www.vigo.org).

Quinto.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte á publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Vigo, data segundo sinatura electrónica

A técnica de administración xeral.- Beatriz Domínguez Pereira

CONFORME.-

A xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024)-. María Olga Alonso Suárez

DECRETO: vista a proposta realizada **RESOLVO** de conformidade coa mesma.

A Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal(resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024- BOPPO nº 133 de data 9/07/2024).- Patricia Rodríguez Calviño



**CONCELLO
DE VIGO**



**Área de Goberno de
Seguridade, Contratación,
Festas e Xestión Municipal**

**Área de RRHH e
Formación**

DOU FE.- A secretaria do Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña.



Copia do documento - Concello de Vigo
45741-220

Data impresión: 19/03/2025 14:54

Páxina 5 de 5

CSV: A7A1E6-21AHDF-84E95F-XG9TXL-39N49B-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>